# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 5º Educación Primaria

## CURSO 2021-2022

# PROGRAMACIÓN DE 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA


1.-CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO....3
1.1.-CIENCIAS DA NATUREZA....3
1.2.-CIENCIAS SOCIAIS....4
1.3.-LINGUA CASTELÁ E LITERATURA....5
1.4.-LINGUA GALEGA E LITERATURA....6
1.5.-MATEMÁTICAS....7
1.6.-VALORES SOCIAIS E CÍVICOS....8
1.7.-EDUCACIÓN PLÁSTICA....10
2.-CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTANDARES DE APRENDIZAXE....11
2.1.-CIENCIAS DA NATUREZA....11
2.2.-CIENCIAS SOCIAIS....18
2.3.-LINGUA CASTELÁ E LITERATURA....27
2.4.-LINGUA GALEGA E LITERATURA....42
2.5.-MATEMÁTICAS....58
2.6.-VALORES SOCIAIS E CÍVICOS....68
2.7.-EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)....78
3.- METODOLOXIA....84
3.1.- ESTRATEXÍAS METODOLÓXICAS....84
3.2.- METODOLOXÍAS ESPECÍFICAS....86
4.- ACTIVIDADES TIPO....91
5.- RECURSOS E MATERIAIS....93
6.- AVALIACIÓN....94
6.1.- DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL:....94
6.2.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:....94
6.3.- INSTRUMENTOS AVALIACIÓN:....96
6.4.- CRITERIOS CUALIFICACIÓN:....96
7.-MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR....98
8.-CONTRIBUCIÓNS AOS PLANS DO CENTRO....98
8.1.- PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO....98
8.2.- PROXECTO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN....101
8.3.- PLAN CONVIVENCIA....103
9.- ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO....104
9.1.- Metodoloxía na docencia non presencial:....104
9.2.- Avaliación na docencia non presencial:....104


## 1.-CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO:

### 1.1.-CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as propiedades da materia e dos materiais e os cambios físicos e químicos da materia para recoñecelos no contorno físico cotián.
- Utilizar operacións matemáticas para expresar algunhas magnitudes (masa, volume e densidade) nas unidades adecuadas.
- Coñecer as principais formas de enerxía, os cambios que provocan na materia, as distintas formas de obter enerxía e como usala de forma responsable.
- Coñecer que a célula é a unidade estrutural básica dos seres vivos e comprender a súa importancia na organización dos tecidos, dos órganos e dos sistemas do corpo humano.
- Distinguir os diferentes reinos dos seres vivos e as características que definen a cada un dos reinos.
- Distinguir os animais vertebrados dos invertebrados, así como a carasterísticas de cada un destes grupos e a súa clasificación.
- Identificar e adoptar hábitos de saúde e hixiene, así como técnicas de primeiros auxilios para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e dos sistemas do corpo humano.
- Identificar os órganos do sistema nervioso, o aparato locomotor e a función que realiza cada un para unha mellor comprensión do corpo humano, así como a importancia duns hábitos de saúde correctos para mantener o seu bo estado.
- Identificar os compoñentes dun ecosistema e as características que os definen para determinar as relacións que se establecen entre os seres vivos que habitan alí, así como as actuacións que ocasionan desequilibrios co fin de evitalas ou reducir o seu impacto.
- Recoñecer as partes dunha planta, as súas funcións e a fotosíntese para valorar a importancia deste proceso na renovación do aire.
- Adoptar actitudes de respecto polo medio físico e polos seres vivos que o habitan co fin de fomentar o equilibrio dinámico da natureza e o mantemento do contorno natural.
- Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado.
- Iniciarse na utilización das TIC cun espírito crítico.
- Tomar decisións reflexionando e valorando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás.
- Participar das iniciativas que xurdan do grupo cooperando como parte dun

proxecto común.

- Establecer conxecturas, comprobacións e conclusións respecto a feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a partir de pequenos experimentos ou experiencias.

### 1.2.-CIENCIAS SOCIAIS

- Coñecer a orixe e a composición principal do Universo e do Sistema Solar.
- Localizar a Terra como planeta do Sistema Solar e identificar as súas características básicas, a súa estrutura, os movementos que efectúa e as súas consecuencias para unha mellor comprensión do medio que habitamos.
- Comprender, coñecer, manexar e interpretar os conceptos de meridiano e paralelo como liñas imaxinarias que forman un sistema de coordenadas para localizar calquera punto da esfera terrestre.
- Interpretar e describir as distintas formas de representación da Terra, a escala e os signos convencionais.
- Determinar de maneira aproximada a hora en distintos lugares da Terra no mesmo momento.
- Identificar os factores que caracterizan o clima e coñecer os distintos climas do mundo, de España e de Galicia, a súa localización e as súas principais características.
- Identificar os elementos que forman as paisaxes, así como os diferentes tipos de paisaxes e características de España e de Galicia.
- Localizar e coñecer as características do relevo e da hidrografía de España e de Galicia.
- Coñecer as causas e as consecuencias do cambio climático e tomar conciencia das medidas para cambialas.
- Recoñecer a importancia da Constitución española para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, os deberes e as liberdades que establece e identificar as características dun Estado democrático e os seus fundamentos.
- Coñecer a forma de goberno de España, as institucións políticas máis importantes e os símbolos do Estado español.

### 1.3.-LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Comprender textos orais referidos a temas próximos á súa actividade cotiá e aos seus intereses, interpretando as principais relacións entre os seus elementos, e expresarse oralmente de forma adecuada nos diferentes contextos nos que se desenvolve o alumno.
- Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (continuos, descontinuos), de distinto xénero (narrativos, descritivos, textos da vida cotiá?) e distinto grao de complexidade, e desenvolver hábitos de lectura, como instrumentos para adquirir información e coñecemento, para elaborar o pensamento crítico e creativo e como lecer e goce.
- Comprender e interpretar informacións de facturas, normas de seguridade viaria, instrucións, traxectos e planos, guías turísticas, grellas de programación, horarios?, efectuando os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir distintos tipos de textos segundo a finalidade e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos.
- Relacionarse e expresarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade escolar, social e cultural, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
- Obter información e opinións dos medios de comunicación social e as TIC, e sabelas interpretar e valorar.
- Aproximarse a obras relevantes da tradición literaria e comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria.
- Valorar a realidade *plurilingüe de España e do mundo como mostra de riqueza do patrimonio histórico e cultural.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para formar un pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.
- Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes.

### 1.4.-LINGUA GALEGA E LITERATURA

- Relacionarse e expresarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade escolar, social e cultural, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación,

para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.

- Obter información e opinións dos medios de comunicación social e das TIC e sabelas interpretar e valorar.
- Comprender textos orais referidos a temas próximos á súa actividade cotiá e aos seus intereses, interpretando as principais relacións entre os seus elementos e expresarse oralmente de forma adecuada nos diferentes contextos nos que se desenvolve o alumno.
- Ler e comprender textos, orais e escritos, de tipoloxía diversa (continuos, descontinuos) de distinto xénero (narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, textos da vida cotiá...) e distinto grao de complexidade e desenvolver hábitos de lectura como instrumentos para adquirir información e coñecemento, para elaborar un pensamento crítico e creativo e como ocio e gozo.
- Comprender e interpretar informacións de facturas, normas de seguridade viaria, instrucións, traxectos e planos, guías turísticas, grellas de programación, horarios, gráficos, parámetros estatísticos, experimentos…, e efectuar os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios valorando a súa utilidade na sociedade.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir distintos tipos de textos segundo a finalidade e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos.
- Aproximarse e comprender obras literarias de distintos xéneros, así como as convencións específicas da linguaxe literaria.
- Elaborar composicións creativas (carteis, audiovisuais…) explorando as técnicas e os recursos das varias linguaxes artísticas para comunicar mensaxes.
- Participar en situacións comunicativas expresando as súas ideas e emocións, practicando a participación activa, para favorecer os espazos de interacción e de crecemento, identificando e valorando diferentes puntos de vista dunha realidade para actuar de forma positiva e aberta.
- Redactar textos de tipoloxía diversa (narracións, diálogos, cartas e correos electrónicos, reportaxes, críticas cinematográficas, textos argumentativos) respectando as súas características para comunicar mensaxes da maneira máis adecuada segundo o contexto.
- Practicar o uso das normas gramaticais e ortográficas básicas co obxectivo de

asegurar a correcta escritura das palabras, as frases e os textos.

- Valorar a realidade plurilingüe de España e do mundo como mostra de riqueza do patrimonio histórico e cultural.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para formar un pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.
- Utilizar de maneira dirixida as TIC, valorándoas como fonte de información, comunicación e aprendizaxe.
- Desenvolver capacidades emprendedoras ante un problema, poñendo en práctica as propias reflexións e as dos outros como fonte de dinamización social e como medio para compartir puntos de vista, ideas e esforzos.
- Xestionar as propias capacidades e coñecementos como base para a propia formación.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e enriquecemento persoal e achegarse a obras de tradición literaria.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe co obxectivo de tomar conciencia das súas capacidades valorando propostas de mellora.

**1.5.-MATEMÁTICAS**

- Comprender, interpretar e producir mensaxes orais e escritos utilizando o vocabulario e as expresións propias da linguaxe matemática.
- Resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, que permitan establecer conexión entre a realidade e os coñecementos matemáticos (numeración, xeometría, medida, áreas, perímetros), comprobar resultados e reflexionar sobre o seu proceso de resolución.
- Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes sinxelas) e sabelos utilizar para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.
- Calcular sumas, restas, multiplicacións, divisións con distintos tipos de números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades destas, estratexias persoais e diferentes procedementos de cálculo (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora).
- Coñecer e utilizar os instrumentos e as unidades de medida de lonxitude, masa,

capacidade, superficie, tempo e monetarias, e operar con medidas de devanditas magnitudes para describir determinados aspectos da realidade.

- Facer estimacións e saber expresar con precisión medidas de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e as derivadas do sistema monetario, convertendo unhas unidades noutras cando sexa necesario.
- Identificar os diferentes tipos de ángulos segundo o seu amplitude e o grado como unidade de medida, para explicar as formas e as descricións xeométricas en situacións cotiás.
- Utilizar os instrumentos de debuxo e de medición de ángulos para representar e describir con precisión a realidade.
- Describir e comprender situacións cotiás utilizando as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, translación, xiro, perímetro e superficie.
- Coñecer e debuxar os elementos xeométricos do plano (rectas, semirrectas, segmentos e ángulos) e resolver problemas contextualizados de xeito estratéxico, buscando os procedementos apropiados para solucionalos.
- Identificar os polígonos e os seus elementos e clasificalos (triángulos e cuadriláteros) para interpretar informacións que permitan describir a realidade.
- Experimentar, organizar datos estatísticos en táboas, representalos mediante gráficos (diagrama de barras, pictograma, polígono de frecuencias, diagrama de sectores) e sabelos interpretar.
- Recoñecer, de maneira inicial, situacións sinxelas da vida diaria na que se dan sucesos, imposibles, posibles ou seguros.
- Traballar en grupo e participar de forma activa e construtiva en proxectos comúns.

### 1.6.-VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
- Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.
- Desenvolver a autonomía e acapacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.
- Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal,

meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.

- Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.
- Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.
- Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.
- Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas
- Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.
- Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.
- Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
- Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación
- Respectar os valores universais comprendendo a necesidade de garantir os dereitos básicos de todas as persoas.
- Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.
- Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.
- Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.
- Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.

## 1.7.-EDUCACIÓN PLÁSTICA

- Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e colores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.
- Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.
- Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos, etc...
- Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.
- Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.
- Utilizar e manexar as tecnoloxías da información como medio de investigación e deseño.
- Recoñecer e aceptar con naturalidade as capacidades e limitacións propias e as dos compañeiros, tomando conciencia da importancia do esforzo individual e colectivo.
- Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)
- Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.
- Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.
- Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.
- Utilizar e manexar as tecnoloxías da información como medio de investigación e deseño.
- Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico deseño.

# 2.-CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTANDARES DE APRENDIZAXE

## 2.1.-CIENCIAS DA NATUREZA

BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | T3 |
| B1.1. Iniciación á actividade científica.<br>B1.2. Emprego de diferentes fontes de información.<br>B1.3. Lectura de textos propios da área.<br>B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.<br>B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.).<br>B1.6. Xestión de ficheiros. | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. | Utiliza estratexias axeitadas para acceder á información. | CCL<br>CSIEE<br>CAA<br>CD<br>CMCCT | | | |
| | | CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. | | CCL<br>CMCCT | | | |
| | | CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). | Presenta os traballos de maneira clara, limpa e ordenada. | CCL<br>CSIEE<br>CMCCT<br>CD | | | |
| | | CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. | | CMCCT<br>CAA<br>CCL | | | |
| | | CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. | | CAA<br>CMCCT<br>CD | | | |
| | | CNB1.1.6. Coñece e aplica | | CAA<br>CMCCT | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | estratexias de acceso e traballo na rede. | | CD | | | |
| B1.7. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade. | B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. | CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | | CSIEE<br>CAA<br>CMCCT | | | |
| B1.8. Traballo individual e cooperativo.<br>B1.9. A igualdade entre homes e mulleres.<br>B1.10. A conduta responsable.<br>B1.11. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos.<br>B2.12. Toma de decisións: criterios e consecuencias.<br>B1.13. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.<br>B1.14. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.<br>B1.15. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.<br>B1.16. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.<br>B1.17. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e do seu poder de adicción. | B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. | CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | Participa activamente nos proxectos, tanto individualmente como en equipo. | CAA<br>CSC<br>CMCCT<br>CSIEE | | | |
| | | CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. | Coñece as normas de uso e seguridade dos instrumentos de traballo. | CMCCT<br>CSC<br>CD | | | |
| | | CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. | | CD<br>CAA<br>CMCCT | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B1.18. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes. | B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. | Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacions, extraendo conclusións e comunicando resultados. | CMCCT<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE | | | |
| | | CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | | CMCCT<br>CCL<br>CSC<br>CD<br>CAA<br>CSIEE | | | |

BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | T3 |
| B2.1. As funcións vitais no ser humano: recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos.<br>B2.2. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorios, dixestivo, circulatorio e excretor).<br>B2.3. Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e as diferenzas entre sexos. Funcionamento do sistema | B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. | Identifica e localiza os principais órganos implicados no desenvolvemento da función de nurición e recoñecelas súas partes. | CMCCT | | | |
| | | CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, | Recoñece as partes e funcionamento do aparello dixestivo, circulatorio, | CMCCT | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| reprodutor.<br>B2.4. Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia en relación co medio e co resto dos seres humanos.<br>B2.5. O aparello locomotor. | | circulatorio e excretor e explica as principais funcións. | respiratorio e excretor. | | | | |
| B2.6. Saúde e enfermidade. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.<br>B2.7. Hábitos saudables para previr enfermidades.<br>B2.8. Trastornos alimenticios.<br>B2.9. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.<br>B2.10. Tipos de dietas. Elaboración de menús saudables. Clasificación de alimentos. Análise de etiquetas de produtos. | B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. | Identifica e practica hábitos de alimentación, postura, hixiene e descanso máis adecuados para favorecer a saúde. | CMCCT<br>CSC | | | |
| | | CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. | Identifica os alimentos e os nutrientes, sabe clasificalos e valora a importancia da dieta na saúde. | CMCCT<br>CCL<br>CSC | | | |
| | | CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. | | CMCCT<br>CSC | | | |

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | T3 |
| B3.1. Seres vivos e seres inertes. Diferenciación.<br>B3.2.Organización interna dos seres vivos e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións | B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. | Recoñece a estrutura básica dos seres vivos e as súas características principais. | CMCCT<br>CCL | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.<br>B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación.<br>B3.5. As plantas: a estrutura e fisioloxía. A fotosíntese. | B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. | Identifica e clasifica as diferentes clases de animais e plantas, aplicando o coñecemento da morfoloxía, alimentación, desprazamento e reproduccion. | CMCT | | | |
| | | CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. | | CMCT | | | |
| B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias.<br>B3.7. Características e compoñentes dun ecosistema.<br>B3.8. Observación e estudo dun ecosistema próximo, recoller datos, facer hipóteses e recollendo os resultados en diferentes soportes.<br>B3.9. Actuacións humanas que modifican o medio natural. Extinción de especies.<br>B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.<br>B3.11. Emprego de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos. | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. | Observa e explica características e componentes dun ecosistema. | CMCCT<br>CCL | | | |
| | | CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. | | CMCCT<br>CCL | | | |
| | | CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. | Manifesta hábitos de respecto e coidado dos seres vivos. | CMCCT<br>CSC | | | |
| | | CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. | | CMCCT | | | |
| | | CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados. | | CMCCT<br>CCL<br>CD | | | |

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | T3 |
| B4.1. Comparación e clasificación dos materiais segundo propiedades físicas observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica. | B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica. | CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica). | Describe e clasifica diferentes materias segundo as súas características. | CMCCT | | | |
| B4.2. Diferentes procedementos para a medida da masa e do volume dun corpo.<br>B4.3 Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade. A flotación nun medio líquido. | B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos. | CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. | Utiliza diferentes métodos para a medida de masa e volumen dun corpo. | CMCCT | | | |
| | | CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume. | | CMCCT<br>CCL | | | |
| | | CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido. | | CMCCT<br>CCL | | | |
| B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.<br>B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible. | CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | Argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | CMCCT<br>CCL<br>CSC | | | |
| B4.6. Realización de experiencias sinxelas sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá e doméstica: a combustión, a oxidación e a fermentación. | B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, | CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer | | CMCCT<br>CAA<br>CSIEE<br>CCL<br>CD | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B4.7. Identificación de produtos químicos habituais no fogar e dos posibles riscos para o organismo.<br>B4.8. Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns. | extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. | conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. | | | | | |
| | | CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. | | CMCCT | | | |
| | | CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. | | CMCCT | | | |
| | | CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro. | Respecta as normas de uso e seguridade nos instrumentos e materiais empregados. | CMCCT | | | |

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

| **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIZAXE** | **MÍNIMOS EXISIBLES** | **COMP. CLAVE** | **TEMP** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **T1** | **T2** | **T3** |
| B5.1. Uso das máquinas eléctricas na vida cotiá e doméstica. Normas de seguridade.<br>B5.2. As máquinas eléctricas.<br>B5.3. A transmisión da electricidade.<br>B5.4. Elementos dos circuítos eléctricos. | B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuíto eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade. | CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un. | Identifica as partes dun circuito eléctrico. | CMCCT<br>CSIEE | | | |
| | | CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. | Identifica os efectos da electricidade. | CMCCT<br>CCL | | | |
| | | CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición. | | CMCCT<br>CCL | | | |
| B5.5. Efectos da electricidade.<br>B5.6. Condutores e illantes<br>B5.7. A ciencia: presente e futuro da sociedade. Beneficios e | B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e | CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á | Recoñece e clasifica os diferentes tipos de máquinas. | CMCCT<br>CCL<br>CSC | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| riscos das tecnoloxías e produtos. Importantes descubrimentos e inventos. | presentando os resultados en diferentes soportes. | sociedade. | | | | | |
| | | CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. | | CMCCT<br>CCL<br>CSC | | | |
| | | CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da inform.e comunic. | Coñece e explica algún avances da ciencia. | CMCCT<br>CCL<br>CSC<br>CCEC | | | |

## 2.2.-CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | |
| B1.1.Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquedanza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.<br>B1.2.Busca e selección de información empregando as TIC | B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados. | CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | Emprega as Tic para buscar información, seleccionala, organizala, e comunica os resultados. | CAA<br>CD<br>CMCCT<br>CCL | | | |
| | | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | | CSIEE<br>CAA | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.<br>B1.3.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora. | | CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | Emprega as técnicas de estudio traballadas. | CAA<br>CCL | | | |
| B1.4.Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.<br>B1.5.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia.<br>B1.6.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais. | CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. | | CSC<br>CAA | | | |
| | | CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. | Coñece e practica as normas básicas de convivencia. | CSC<br>CAA | | | |
| B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área.<br>- Organización de ficheiros temáticos de termos propios da área.<br>B1.8.Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).<br>- A prensa escrita e dixital como fonte de información. | B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. | Lé textos científicos propostos. | CCL<br>CAA<br>CMCCT<br>CSC | | | |
| | | CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. | | CCL<br>CMCCT<br>CSC<br>CAA | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B1.9.Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos. | | CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. | | CCL<br>CD<br>CMCCT<br>CSC | | | |

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | T3 |
| B2.1.O Universo: galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. | B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. | CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. | Identifica os principais compoñentes do universo. | CMCCT<br>CCL | | | |
| B2.2.O sistema Sslar: o Sol e os planetas. | B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. | CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. | Recoñece as características e compoñentes do sistema solar | CMCCT<br>CCL | | | |
| B2.3.O planeta Terra e a Lúa. Características.<br>B2.4.Movementos terrestres e as súas consecuencias: as estacións do ano, día e noite, fusos horarios.<br>B2.5.A translación da Lúa: as fases lunares. Eclipses e mareas. | B2.3.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. | CSB2.3.1. Define e reprepresenta o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. | | CMCCT<br>CCL<br>CAA | | | |
| | | CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. | | CMCCT<br>CCL<br>CAA | | | |
| | | CSB2.3.3.Define a | Identifica os movementos da | CMCCT | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. | terra e da lúa e as súas repercusións | CCL | | | |
| B2.6.Cartografía. Planos, mapas e planisferios. Mapas temáticos.<br>B2.7. Escalas e signos convencionais dun mapa.<br>B2.8.Orientación no espazo: técnicas, instrumentos e estratexias.<br>- Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais. | B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais. | CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. | Coñece e emprega sistema de cartografía e planos sinxelos. Identifica escalas e signos convencionais. | CMCCT<br>CAA | | | |
| B2.9.O clima e factores climáticos. | B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España. | CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. | Coñece os conceptos de clima e factores climáticos. | CMCCT<br>CCL | | | |
| B2.10.As grandes zonas climáticas do planeta.<br>B2.11.Tipos de climas de España<br>e as súas zonas de influencia. O clima en Galicia. | B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. | CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. | | CMCCT<br>CCL | | | |
| | | CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. | Identifica zonas climáticas e paisaxes de España e de Galicia | CMCCT<br>CAA<br>CCL | | | |
| B2.12.A paisaxe: elementos que a forman, tipos de paisaxes.<br>B2.13.Características das principais paisaxes de España. | B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España | CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. | | CCL<br>CSC<br>CAA | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B2.14.A diversidade xeográfica das paisaxes de España: relevo e hidrografía.<br>B2.15.O relevo e a rede hidrográfica de Galicia. Utilización de sistemas de información xeográfica. | B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. | CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. | Localiza as características do relevo de España e de Galicia. Localiza as características da hidrografía de España e de Galicia | CMCCT | | | |
| | | CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. | | CMCCT | | | |
| B2.16.A intervención humana no medio. Estudo de campo das consecuencias da intervención humana na contorna.<br>B2.17.A contaminación e o cambio climático.<br>B2.18.Desenvolvemento sostible e consumo responsable. | B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. | CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. | Recoñece a influencia do ser humano no medio. Valora a importancia do seu coidado. | CSC<br>CCL | | | |
| | | CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. | | CSC<br>CAA | | | |

## BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS EXISIBLES | COMP. CLAVE | TEMP | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | T1 | T2 | T3 |
| B3.1.A Constitución de 1978.<br>B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta | CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. | Explica a forma de goberno de monarquía parlamentaria | CSC<br>CCL | | | |
| B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria.<br>B3.4.As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas. | B3.2.Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. | CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. | Coñece as principais institucións e as súas funcións. | CSC<br>CCL | | | |
| | | CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e | | CSC<br>CCL | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. | | | | | |
| B3.5.Entidades territoriais e órganos de goberno. As comunidades autónomas, as cidades autónomas e as provincias. | B3.3.Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. | CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. | Identifica a organización en comunidades autónomas. | CCL<br>CSC | | | |
| B3.6.Manifestacións culturais e lingüísticas de España. | B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. | CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. | Valora as súas manifestacións culturais e lingüísticas. | CSC<br>CCL | | | |
| B3.7.Demografía e poboación. Variables demográficas.<br>B3.8.Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación, distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación.<br>B3.9.Representación gráfica de datos demográficos. | B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. | CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. | | CMCCT<br>CCL<br>CSC | | | |
| | | CSB3 5.2.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. | | CMCCT<br>CAA | | | |
| B3.10.Poboación de Galicia e España: distribución e evolución. Representación gráfica dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas: INE. | B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. | CSB3.6.1.Describe os principais rasgos da poboación española. | Coñece e representa datos de poboación de España,de Galicia e de Europa. | CCL<br>CSC | | | |
| | | CSB3.6.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. | | CCL<br>CSC | | | |
| | | CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da | | CCL<br>CSC | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | poboación española. | | | | | |
| | | CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas. | | CSC | | | |
- Axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.
- Favorecerase o descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos e a cooperación. Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes para a súa aplicación en diferentes contextos. Procurarase que o alumnado aprenda a aprender, participando na planificación do traballo.
- Metodoloxías activas e contextualizadas, introducindo estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías, empregando os recursos da aula Edixgal.
- Uso dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos

contidos. Gradación de contidos acordes co currículo.

- Dotar aos contidos dun enfoque global, interdisciplinar e integrador promovendo a globalización, para que contribúan ao desenvolvemento persoal e social doalumnado.
- Selección de contidos que reforcen o aprendido nos cursos precedentes e abran o coñecemento cara aos novos.
- Gradación das actividades.
- Énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe.
- Atención á diversidade do alumnado e sensibilidade pola educación en valores.
- Favorecerase o traballo cooperativo e a resolución pacífica de conflitos.
- Uso das estratexias metodolóxicas básicas de desenvolvemento en espiral e globalización.
- Metodoloxía global e activa, potenciando a construción de aprendizaxes significativas.
- Autorregulación das aprendizaxes por parte do alumnado para intentar transformar as súas capacidades mentais en habilidades académicas.
- Modelos de ensino-aprendizaxe que atendan á diversidade, ritmos evolutivos e de capacidades intelectuais.
- Fomento do traballo do alumno fóra da aula para potenciar novas inquedanzas e novas situacións de aprendizaxe, e que as familia se involucren no proceso de ensino (solicitando diversas tarefas para distintos proxectos, apoio ou reforzo,...).
- Traballaremos pola inserción dos alumnos no entorno social no que viven e pola aceptación das diferenzas sen discriminación.
- Potenciarase un réxime de coeducación no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, raza, ideoloxía, cultura,...
- Priorizaranse técnicas cooperativas e a dinámica grupal no traballo diario, para fomentar afectividade e a socialización.
- Incluír o uso das tecnoloxías da información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Fomentar e respectar os tempos de lectura como mecanismo básico deaprendizaxe.

- Prestar atención á relación entre todos os membros da Comunidade Educativa.

Moita desta metodoloxía vaise ver modificada polas medidas recollidas no protocolo Covid 19, que nos impedirán facer moitas actividades que viñamos realizando ata o de agora, sobre todo, as de carácter colaborativo e en grupo.

### 3.2.- METODOLOXÍAS ESPECÍFICAS

ÁREAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA

O sentido principal das áreas de Lingua céntrase en axudar aos alumnos a dominar as destrezas básicas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir, e a empezar a reflexionar sobre a propia linguaxe para poder mellorala e enriquecela pero empregala non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón tamén para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sentimentos,... sobre o mundo. Ademais hai que fomentar que enmarquen a lingua como medio das relacións interpersoais e que abre a porta cara o coñecemento, sendo conscientes da importancia que teñen as linguas para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo. Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da Literatura, como transmisora de cultura, liberadora, incitando á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexióncrítica.

Os diferentes BL. seran abordados desde enfoques comunicativos e, na medida do posible, globalizadores e interdisciplinares, que teñan en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Traballaranse diariamente e en todas as áreas, intentando que comuniquen con precisión as ideas, levándoos cara discursos máis planificados (presentacións,…) e tendo en conta ademais os elementos non verbais. Os textos serán de diferentes tipoloxías, atendendo tanto a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) como a intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). Nos textos escritos terase en conta o proceso: a planificación, redacción, revisión e texto definitivo. É importante axudarlles a describir as posibilidades que ofrece para a comunicación, a información, o lecer e o coñecemento da propia lingua desde unha perspectiva léxica, sintáctica, ortográfica, etc. Faranse revisións en grupo como práctica para favorecer a aprendizaxe autónoma, e á vez integrarase a aprendizaxe metalingüística. Fomentarase a produción de textos personais, a través de propostas lúdicas e creativas

como narracións encadeadas, adiviñas, … e tamén con intención literaria. Empregaranse as TIC regularmente (AulaAbalar)

Traballarase, diariamente, a comprensión, pero entendida non só como capacidade para entender as mensaxes senón tamén como facilitadora dunha actitude crítica e activa, fronte ás mensaxes. Na expresión, ademais permitirlles transmitir os seus sentimentos ideas e vivencias, fomentarase que aprenda a construír novas ideas, a darlles forma, a organizalas cunha estrutura coherente, etc. incorporando novo vocabulario e facéndoo significativo. Os textos a empregar serán de distinta topoloxía e de diferentes ámbitos do coñecemento.

Para traballar a linguaxe oral presentaranse actividades moi diversas, ben sexa aproveitando situacións da vida cotiá que se propoñen no tratamento das distintas áreas, (saídas, actividades diferentes,.) ou ben creando situacións ficticias, presentación de imaxes, describir e explicar algunha tarefa realizada,..

Sempre que sexa posible os elementos do currículo abordaranse de forma parella nas dúas linguas, e traballaranse nas dúas tendo en conta as particularidades.

ÁREA DE MATEMÁTICAS:

Partindo de que as matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais, identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada, deseñaranse tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a aplicación dos coñecementos en situacións contextualizadas que os leven a enfrontarse con éxito a situacións nas que interveñan os números e as súas relacións. O traballo terá coma punto de partida a experiencia, empregándoas en contextos funcionais relacionados con situacións da vida cotiá, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e dos coñecementos previos, favorecendo unha visión interdisciplinar, o traballo colaborativo entre eles, familias, comunidade educativa,...

A resolución de problemas, tendo en conta que se fai preciso poñer en xogo moitas capacidades básicas (ler, reflexionar, planificar, modificar o plan, etc.), serán tarefas diarias.

O eixo vertebrador será o bloque 1 (Procesos, métodos e actitudes en matemáticas) e

formará parte do traballo diario para que os alumnos cheguen a ser quen de describir e analizar situacións de cambio, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. Traballarase no afondamento dos problemas resoltos, formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc., expresando verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución, utilizando procesos de razoamento e estratexias, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. Os contidos serán abordados dun xeito enlazado, potenciando un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias. Plantexaranse tarefas, situacións problemáticas,... nas que o alumnado teña que empregar distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores, facéndolle amosar a curiosidade, que teña que aplicar coñecementos, para que sinta necesidade de coñecelos, etc. Traballarase por proxectos, coa fin de axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora asumindo a responsabilidade da súa aprendizaxe e aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectosreais.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS:

Os contidos serán abordados de forma global e interdisciplinar, cun enfoque práctico, integral, de uso social e con carácter funcional, coa finalidade de que contribúan á adquisición das competencias clave e ao desenvolvemento integral do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global, e para coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación.

Realizarase traballo individual, en equipo e en gran grupo, dependendo das temáticas, proxectos, etc. coa finaliadde, tamén, de favorecer a inclusión. Partirase do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional e dos coñecementos previos, partindo do que coñecen para ir avanzado cara aprendizaxes máis complexas. Terase como referencia, sempre que sexa posible, o contexto máis próximo, fomentarase a curiosidade e a investigación. Partindo de propostas integradoras serán eles os que vaian

complementando o proxecto con pequenas investigacións, aportando materiais, participando en debates, etc. para que sexan conscientes de que son responsables, ou cando menos, corresponsables, das súas aprendizaxes, á vez que respecten as aportacións, opinións, etc. dos seus compañeiros, favorecendo a educación envalores.

Nos diferentes bloques tratarase de prever as necesidades de material, iranse desenvolvendo, mediante presentacións ou outros, as diferentes partes dos distintos bloques, tratando de ter en conta os coñecementos previos, erros máis frecuentes, educación en valores,... para o que se plantexarán preguntas, tarefas, debates,... co fin de activar coñecementos previos, motivar, ...

Os contidos presentaranse e explicaranse de distintas formas: investigarán eles sobre unha temática concreta para iniciar o tema, visualizaranse vídeos, intentarase completar esquemas,... Iranse realizando tarefas variadas para ir comprobando o cambio conceptual, a inclusión de vocabulario nas súas respostas, etc. para, de cara ao final, plantexar actividades de reflexión e interrogantes, coa finalidade de desenvolver a capacidade de análise, o pensamento crítico e a creatividade. Iranse desenvolvendo actividades escritas no caderno do alumno e en soporte dixital, así como traballos en grupo sobre diferentes temáticas, implicándoos a eles na aportación de información, materiais, indagacións, razoamento,… tanto en traballos individuais como engrupo.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS:

Partimos de que as ciencias naturais son un bo ámbito de aprendizaxe para traballar a comprensión da realidade e o desenvolvemento de actitudes críticas xa que vai permitir que os alumnos desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, ...

Tratarse de que adquiran conceptos científicos, pero tamén é fundamental lograr introducir o valor funcional da ciencia para que sexa quen de explicar fenómenos cotiáns proporcionándolles as ferramentas para explorar a realidade natural de forma obxectiva, rigorosa e comprobada. Fomentarase a curiosidade sobre fenómenos novos ou problemas inesperados, a necesidade de respectar o medio ambiente, o espírito de iniciativa e tenacidade, a confianza en si mesmo/a, a necesidade de coidar do seu propio corpo, o pensamento crítico (que non se contenta cunha actitude pasiva), a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico, desenvolver o seu pensamento de forma independente, respectar a opinión dos e das demais e iniciarse na argumentación e

no debate de ideas. Trataranse de traballar os contidos recollidos nos cinco bloques interrelacionándoos. Nos procedimentais tratarase de que se inicien no uso dalgunha técnica e estratexia das que se empregan na actividade científica: observación, identificación e análise de problemas, a recollida, a organización e o tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e o emprego de fontes de información, incluíndo as proporcionadas polas TIC e comunicación dos resultados obtidos. Tratarase de promover a curiosidade, interese, respecto por un mesmo e polos demais, traballo en grupos cooperativos,...

Buscarase a interrelación dos contidos cos das outras áreas, cun enfoque globalizador e interdisciplinar. Plantexaranse tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...),

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:

Os Valores sociais e cívicos resultan fundamentais na nosa sociedade, para poder exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social, de aí a importancia de facilitrlle aos alumnos a construción da identidade individual e a potenciación de relacións interpersoais enriquecedoras para fortalecer a convivencia, acordes cos valores cívicos socialmente recoñecidos.

Temos que tratar de que os alumnos/as se formen na reflexión e na vivencia de valores, para actuar coma cidadáns participativos e responsables, fomentando a participación individual para lograr fins colectivos, no respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas. Á vez debemos de fomentar a autoestima, á empatía, o respecto e á tolerancia,.. así como a cooperación, solidariedad, etc. favorecendo a comprensión dos principios de xustiza, liberdade, seguridade,...

Tendo isto en conta débese tratar de que os alumnos/as cheguen a comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática. Estimularase a axuda mutua e o traballo cooperativo, fomentando a comunicación oral, o diálogo e a interacción entre iguais, participando nas tarefas en equipo, reorganizando as súas ideas, respectando

outros puntos de vista, a solidariedade, a responsabilidade, respecto de normas,...
Os tres bloques que se recollen no currículo, abordaranse de forma global, partindo de intereses dos alumnos e respectando o compoñente vivencial. O traballo a desenvolver será cooperativo na realización de tarefas (algún alumno ten ACS).
Os proxectos de traballo cooperativo da **"**mediación**"** en tempos de recreo e a súa actuación como **"**monitores**",** son moi propicios para que teñan o seu protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e sexan conscientes da importancia da súa contribución á posta en práctica dos mesmos, sendo, tamén, conscientes da importancia de usar unha linguaxe axeitada para regular a conduta dos demais, pero tamén a súa.
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL:

Os tres bloques curriculares desenvolveranse de forma global. Á hora de abordar a Educación Plástica e visual teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación, tendo en conta, ademais, a súa importancia xa que xera e precisa capacidades de pensamento crítico. Ademais, posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización,… Á vez deben ser conscientes que de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador. Traballarase de forma transversal. Non só se traballará a dimensión reflexiva senón tamén á súa produción, mediante a realización de tarefas, individuais e cooperativas, con obxectivos claros, tendo en conta a atención á diversidade e os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Tamén se empregarán os recurso da Aula E d i x g a l , tendo en conta a importancia das novas tecnoloxías na plástica e visual no mundo da imaxe, na expresión e a súa interrelación coas matemáticas.

## 4.- ACTIVIDADES TIPO

A continuación descríbense algún tipos de actividades que se realizarán ao longo do curso, orientadas a:
Actividades de apoio, reforzo ou perfeccionamento para as diferentes áreas:
Matemáticas, Linguas, Ciencias Nturais, Ciencias sociais, Idiomas, Plástica e Visual e Valores Sociais e Cívicos.

Reforzar algúns coñecementos conceptuais ou procedimentais que se están a traballar ao longo da semana ou quincena na aula.
Busca dunha maior autonomía no traballo, preparación para a vida laboral: Procesador de Textos, Base de Datos, aplicacións propias.
Potenciación da creatividade, imaxinación e fantasía literaria coa utilización de programas específicos.
Adquisición de coñecementos novos: uso de libros electrónicos con programas tipo Libre Office 3.3 Impress, estudio de determinados temas a través de CD multimedia ou investigando en enderezos da rede que se lles proporcionen.
Internet e a busca de información. Navegación. Depuración da información.
As actividades irán encamiñadas :

- Extraer información de libros e documentos en formato impreso e dixital.
- Visualizar e interpretar imaxes , vídeos, presentacións, animacións,…
- Crear textos, presentacións, de forma individual ou colectiva, baseados en temas concretos e cunhas pautas previas
- Recoller datos da observación directa, de enquisas , de gráficas...
- Rexistrar datos en táboas , gráficos ...
- Calcular resultados a partir de datos.
- Elaborar táboas de datos.
- Practicar exercicios matemáticos con materiais e aplicacións informáticas.
- Formular preguntas sobre un tema, elaborar cuestionarios .
- Rexistrar datos despois de actividades de manipulación ou visualización ( recollida de datos de temperaturas , choivas, ..)
- Realización de viaxes a sitios virtuais.
- Realización de traballos de investigación a través de preguntas dadas, usando material impreso e enlaces web dados.
- Elaborar presentacións dos traballos: murais impresos ou dixitais, textos, presentacións,...
- Visitar museos /exposicións virtuais.
- Escoitar programas de radio, conferencias, concertos, historias correspondentes a distintas manifestacións socioculturais.
- Producir e crear imaxes ou murais físicos o virtuais.

- Tomar notas de exposicións, presentacións e/ou traballos de grupo.
- Responder a preguntas (escritas ou presentadas dixitalmente), cuestionarios, test…
- Clasificación de materiais completando ou realizando táboas, esquemas,…
- Preparación de traballos, exposicións dos mesmos.
- Estudo individualizado.
- Debater sobre temas de actualidade e expoñer distintos puntos de vista.
- Crear murais ou ilustracións físicas ou virtuais a partir de pautas prefixadas.
- Redactar informes en grupo sobre un tema, usando textos ou elementos multimedia.
- Realizar investigación sobre temas dados usando soportes dixitais (webquest, cazas do tesouro,…)
- Redactar informes sobre temas previamente fixados usando elementos multimedia (presentación, historias, contos dixitais...)
- Elaborar presentacións de traballos.

Todas estas actividades dixitais complementaranse con traballos no caderno para seguir traballando a parte da caligrafía, o orde e a limpeza dos traballos. Neste sentido realizaremos actividades coma: dictados, análises morfolóxicos e sintácticos, operacións matemáticas, resolución de problemas, realización de traballos en papel...

Os traballos de plástica relizaranse prioritariamente en papel.

## 5.- RECURSOS E MATERIAIS.

En tódalas áreas carécese de libros de texto dado que participamos do proxecto E-Dixgal da Consellería de Educación no que se traballa cos materiais aportados pola Editorial Netex.

Repositorio de contidos Abalar.

Portal AGREGA.

Materiais proporcionados por AulaPlaneta e Edebé.

Outros recursos a empregar son os seguintes:

TDI, cámara de fotos, vídeo, programas para elaborar mapas mentais, l ibros dixitais, pendrive, cadernos de actividades.

Páxinas Web, blogs,wikis,....

Cadernos complementarios

Material seleccionado de diferentes fontes Mapas, planos, planisferios…
Medida de magnitudes (balanza de laboratorio, metros (extensible, de xastre, ríxido e articulado, para realizar descricións), triplos decímetros, regras graduadas,probetas,…).
Dicionarios, de sinónimos e antónimos, de castelán a galego, de galego a castelán, normativos, enciclopédicos,… en diferentes soportes; enciclopedias.
Calculadora.
Papel cuadriculado.
Regra, escuadra, cartabón, compás e transportador de ángulos para trazar rectas, semirrectas, segmentos, circunferencias, corpos xeométricos, comparar ángulos,.
Recortes de fotos ou debuxos simétricos e de obxectos con simetría. Esqueletos, láminas, enciclopedias, modelos anatómicos,…
Biblioteca do centro e biblioteca deaula.
Láminas de debuxo, ceras, témperas, pinceis, material para reciclar, recollido no medio… para diferentes representacións plásticas.

# 6.- AVALIACIÓN

## 6.1.- DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL:

O mestre titor de 5º de E.P. púxose en contacto cos mestres/as titores/as de cursos pasados e cos mestres/as especialistas que incidiron sobre o grupo de alumnos/as que vai titorizar, coa finalidade de obter información do mesmo, e revisáronse os expedientes académicos e a memoria do curso pasado.
Ademais da revisión da información que explicitamos, aplicaránselle ao alumno probas, nas segunda e terceira semanas lectivas. Así mesmo realizáronse probas de lecto - escritura, de diferentes textos acordes co nivel.
Esta avaliación inicial foi o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para determinar as medidas de apoio e reforzo.

## 6.2.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será continua e global.
Terase en conta o progreso xeral do alumno, sen perder como referente os estándares de aprendizaxe.
Os procedementos serán, entre outros, os seguintes:

- Observación sistemática do progreso do alumnado.

- Conversas sobre os aspectos difíciles de observar en coordinación co profesorado que incide no alumnado.
- Corrección de exercicios e tarefas escritas, orais, individuais e/oucolectivas.
- Fichas individuais nas que se recolle e valora a aprendizaxe do alumnado.
- Todas as tarefas que realizan os alumnos, en diferentes soportes, a súa actitude ante o traballo, interese, preguntas, participación, atención,comportamento,..
- Probas escritas en soporte papel e dixital.
- Observación de tarefas realizadas, en variossoportes Autoavaliación e coavaliacións dirixidas.
- Cadernos de traballo: valorando a presentación, limpeza, expresión escrita, ortografía, uso de fontes de información, uso de gráficos, esquemas, etc., coñecementos que recolle, desenvolvemento das actividades, autocorrección de erros, etc. tendo en conta a organización do mesmo.
- Exposicións: como presenta o tema, se o domina, se responde ás preguntas con precisión, se amosa que traballou as temáticas,...

1. Cada trimestre realizaranse probas globais para comprobar o desenvolvemento das CCBB, tomando como referncia os CA e os estándares de aprendizaxe. Previamnete e periodicamente, iranse realizando probas.
2. Analizaranse os cadernos de traballo: valorando a presentación, limpeza, expresión escrita, ortografía, uso de fontes de información, uso de gráficos, esquemas, etc., coñecementos que recolle, desenvolvemento das actividades, autocorrección de erros, etc. tendo en conta a organización do mesmo.
3. Valoraranse a realización de propostas de traballo para expoñer, a aportación de materiais solicitados ou por propia iniciativa,...: como presenta o tema, se o domina, se responde ás preguntas con precisión, se amosa que traballou atemáticas,...
4. En traballos cooperativos, proxectos, etc. se participa aportando ideas, se asume responsabilidades, se équen de reflexionar sobre ainformación,...
5. Nas probas escritas: evaluarase a gramática, o desenvolvemento da comprensión lectora, se inclúe o vocabulario axeitado,...
6. Valorarase a presentación de tarefas propostas (mediante control diario) e resolución das mesmas.
7. Tamén se realizará a análise das producións dos alumnos, resumos, traballos de

aplicación e síntese (en diversos soportes) cadernos de aula, textos escritos e orais, procesadores de texto,…. tendo en conta tamén a caligrafía,ortografía,…

## 6.3.- INSTRUMENTOS AVALIACIÓN:

Probas escritas: pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita. A modo de exemplo mencionamos: Exames, ditados, controis diarios, fichas de repaso, redaccións...

Probas lectoras: trazamos unha proba na que o neno ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre iso. A modo de exemplo mencionamos: lecturas compartidas, voz baixa, utilizando todos o mesmo texto, utilizando todos textos diferentes, lectura en voz alta, lectura cooperativa...

Probas orais: probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral. A modo de exemplo mencionamos: exposicións, dramatizacións, presentacións, chistes, contacontos, faladoiros, debates...

Tarefas finais (competenciais): conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma.A modo de exemplo mencionamos: debates, dramatizacións, contacontos, investigacións, construción de máquinas simples, enquisas, viaxes virtuais...

Caderno de aula: recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.

Observación diaria: valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

A actitude, participación. esforzo, interese e comportamento serán avaliados por observación sistemática e faranse anotacións en listas de control e no dietario.

## 6.4.- CRITERIOS CUALIFICACIÓN:

O proceso avaliación realizarase mediante observación directa e observación indirecta a través da revisión do traballo diario, participación, probas de control... Os datos acadados serán recollidos nunha listase de control e no dietario.

A porcentaxe asignada a cada apartado é o seguinte:

| Áreas | **Contidos (probas de todo tipo, non só controis)** | **Traballo diario (realización adecuada do traballo, presentación, cadernos)** | **Interese, Actitude e Comportamento** |
|---|---|---|---|
| Matemáticas | 60% | 30% | 10% |
| Linguas | 60% | 30% | 10% |
| C. N e C.S. | 60% | 30% | 10% |
| Plástica e visual | 30% | 40% | 40% |
| V. Cívicos | 40% | 30% | 30% |

A cualificación global de cada área obterase sumando as diferentes porcentaxes, sendo o aprobado 50%, é dicir, un 5 sobre 10.

Nas probas de avaliación , cada actividade cualificarase con 2 puntos, 1 punto, 0,5 puntos, se se resolveu correctamente, en función do número de preguntas. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con 0,75 puntos, 0,5 puntos ou 0,25. A cualificación máxima da proba será de 10 puntos.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BI), Notable (NT), o Sobresaínte (SB) para as cualificacións positivas. Ditos termos irán acompañados dunha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala do un ao dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ó 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 u 8.
- Sobresaínte: 9 ó 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

As datas de avaliación para o curso 2021-2022 serán as seguintes.

| Avaliacion inicial | 1ª Avaliación | 2ª Avaliación | 3ª Avaliación |
|---|---|---|---|
| Martes 5 de outubro | Martes 14 de decembro | Luns 5 de abril | Martes 14 de xuño |

## 7.-MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR:

A principal proposta de mellora que indica a memoria do curso anterior é a da continuación co desdobre que o curso anterior tivo esta clase e que tan bos resultados deu. A imposibilidade desta continuación fai que haxa que centrarse na segunta indicación, a colaboracio co Departamento de Orientación para a configuración dos apoios de Pedagoxía Terapéutica que van ser precisos.

Ademais, temos que destacar que as relacións entre o alumnado previo ao desdobre non son as máis desexables, ao que hai que sumarlle que neste curso terán que permanecer novamente moitas horas xuntos e relacionándose exclusivamente entre eles debidos aos protocolos Covid. A coordinación co Departamento de Orientación vai ser fundamental.

## 8.-CONTRIBUCIÓNS AOS PLANS DO CENTRO

### 8.1.- PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. A comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

O fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde as áreas de Lingua e Literatura Galega e Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas así como levando a cabo as propostas dos outros equipos, actividades complementarias,...

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolveranse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa

consecución.
Os obxectivos  que se pretenden lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Usar as bibliotecas para a busca de información / investigación e aprendizaxe e como fonte de pracer.
- Utilizar Internet para buscar lecturas, sexa en formato PDF ou EPUB, sempre en páxinas autorizadas como as bibliotecas do Instituto Cervantes, as mediatecas do Consello da Cultura Galega, a Asociación de Tradutores en Lingua Galega., etc.
- Iniciarse na utilización de E-Readers, como pode ser o Callibre, que forma parte do software dos ultraportátiles Edixgal.

É fundamental transmitir aos alumnos o entusiasmo pola lectura para lograr facer lectores capaces e motivados.
É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes han de ser motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Na aula cóntase tamén cunha pequena biblioteca. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.
Os textos serán elixidos en función dos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso
- Textos variados en canto a contidos e aos xéneros literarios
- Elección do tipo de letra axeitada
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

Hai que destacar, tamén, a importancia da lectura en voz alta na comprensión

lectora, xa que, a través dela, estimúlase a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dun bo ton, unha correcta pronunciación e unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que os nenos poidan consolidar a comprensión lectora.

O Proxecto Lector do Centro será o eixe vertebrador das actividades de fomento da lectura, escritura e comprensión lectora. Nel están recollidas as actividades que se levarán a cabo, tanto na aula como na Biblioteca que será un piar clave na consecución dos obxectivos establecidos.

Así mesmo participarase en todas as actividades propostas para o nivel dentro do Plan Anual de Lectura, baixo o título "O universo" e as do PLC que se englobaron dentro do plan de traballo do Equipo da Biblioteca.

Ademais asistirase ou planificaranse no centro diferentes actividades de animación á lectura, empregando un libro base, obradoiros de banda deseñada… ademais de participar en todas as que se leven a cabo no centro por mor de diferentes conmemoracións, celebracións, Semana da Lectura, Semana do Cine,…

De acordo co especificado as tarefas encamiñaranse a:

- Traballar a produción de textos orais e escritos.
- Traballar a comprensión dos enunciados de exercicios, tarefas, textos de proxectos, ....
- Reforzar e profundar a aprendizaxe da busca de información: dicionario, enciclopedia biblioteca, ordenador, etc.
- Fomentar a achega de noticias de prensa, revistas, etc. ás aulas por parte do alumnado e achegar a prensa como medio de información á lectura cotiá.
- Produción de textos continuos (descricións, contos, poemas, etc.) e descontinuos (esquemas, táboas, gráficos...)
- Fomentar a autonomía no traballo por parte do alumnado aportándolles estratexias que lles permitan desenvolver as súas capacidades.
- Potenciar o traballo cooperativo como medio para desenvolver as competencias básicas.

- Fomentar a comunicación e expresión oral de textos por medio da lectura en voz alta para os demais, tanto do propio grupo como doutros.

Así mesmo deben ter un modelo lector que consistirá en que os profesores leamos en voz alta, con corrección, pequenos textos, audicións,...

Introduciranse as TIC como recurso para mellorar a competencia lingüística, dixital e o tratamento da información (Edixgal) e asistirán ao longo do curso á biblioteca, en diferentes tempos.

Para intentar formar lectores críticos solicitaráselle ou subministraránselles outros tipos de información: publicidade, catálogos de electrodomésticos, prensa, etc.

Participación en actividades complementarias de fomento da lectura programadas pola Administración e outros organismos seleccionadas previamente e de xeito responsable.

Potenciarase a participación propia (tempo reservado no horario, pasaporte da lectura,... ) das familias para lectura de contos, conta contos,... solicitando a súa participación para tempos de recreo, Semana da Lectura, conmemoracións, outros tempos,...

Participarase tamén na actividade de "mochilas viaxeiras" e "caderno viaxeiro" proposta dende o Equipo da biblioteca, traballando tamén dende a aula co obxectivo de implicar tamén ás familias.

Diariamente elabóranse actividades propostas nos textos, polo profesorado (de elaboración propia, de diferentes actividades, internet, Edixgal,..) que se corrixen, para todos nos taboleiros e despois revísanse individualmente ou outras específicas e diferenciadas para cada alumno.

Como mínimo, unha vez á semana, fanse ditados. Ao rematar, cada alumno, mirando polo texto correcto, revisa e corrixe se hai palabras non escritas correctamente. A continuación intercambian os cadernos de traballo e revísaos un compañeiro. Por último a profesora titora é a que o revisa. Foméntase a escritura libre, sobre temas propostos: narracións, descricións,... Cómo mínimo elaboran unha actividade deste tipo cada quince días.

Das diferentes actividades complementarias que se realizan, encoméndaselle a tarefa de realizar un pequeno traballo sobre a mesma que debe incluír como mínimo: contexto de lugar e tempo, idioma empregado, quen, onde,... se

desenvolveu, tipo de actividade, síntese do contido e valoración persoal.
Participarase nas actividades que dende o equipo de Dinamización da Lingua Galega**,** e actuando coordinadamente cos outros equipos (Tics, Biblioteca..), axuden a que os alumnos gusten da lectura.
Durante este curso non iremos co alumnado á biblioteca, pero seguiremos tendo unha hora á semana adicada á lectura e levaremos os libros á aula, para facer o empréstimo e que os nenos/as sigan empregando os materiais que temos na biblioteca. Esta circunstancia poderá ser modificada se a situación sanitaria o permite.

**8.2.- PROXECTO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

Neste nivel participase no "Proxecto Edixgal".
Despois do inicio no curso 2010-11 da implantación do PROXECTO ABALAR continúase a desenvolver nos dous niveis do ciclo.
A dotación das aulas é dun ultraportátil para cada alumno, un portátil para o posto do profesorado, un taboleiro dixital interactivo e un carro de carga.
A posta en marcha deste proxecto fíxonos reflexionar sobre o modelo de ensinanza que pretendemos e sobre como debemos afrontar este reto, o que conleva / conlevou a unha modificación nas programacións didácticas das distintas áreas, non tanto a nivel de contidos senón no aspecto organizativo e metodolóxico.
Este proxecto está orientado ao cambio de modelo de aula/centro educativo tradicional a un novo modelo de aula /centro educativo dixital.

- Integración TIC, novas metodoloxías e avaliación. Control do uso por parte dos alumnos dos ultraportátiles; evitar distraccións, perigos de Internet... Uso das TIC cando aporten valor engadido.
- Distribución aproximada do reparto do tempo na aula E-Dixgal:

| | | | |
|---|---|---|---|
| 20% explicacións do profesor coa PDI | 30% exposicións traballos dos alumnos con PDI | 30% traballo individual/grupal cos ultraportátiles | 20% Traballo individual/grupa l sen |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ultraportátiles |

- Planificación do traballo (preparar as clases, corrixir). Reparto de roles ao alumnado: corrixir, compañeiro-titor, asesor TIC, profesor...
- Uso dos ultraportátiles: libro dixital (fonte de información), caderno de traballo (editor, presentacións...), e tamén para crear, comunicarse, traballar colaborativamente...
- Uso da PDI: compartir, corrixir, debater (traballo colaborativo).
- Previsión de problemas e estratexias para abordalos: avarías, virus, fallos de Internet...

Á hora de traballar cos alumnos nas TIC, hai que ter presentes, o grao de competencias tecnolóxicas e intelectuais apropiado e as súas características e necesidades.Dentro do Proxecto TIC especifícase que no Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, sinálase no seu Artigo 3, que nesta etapa os nenos/as deben adquirir diversas capacidades e entre elas temos: "Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora".

Os contidos elementais que se desenvolverán na aula son:

- Utilización dos compoñentes básicos do contorno gráfico do ordenador.
- Organizar os "Favoritos".
- Apertura e peche de aplicacións.
- Creación dun documento novo.
- Gravación e recuperación de documentos.
- Acceso á información contida nun CD.
- Acceso a páxinas web.
- Impresión de documentos.
- Utilización do disco duro e uso de dispositivos externos.
- Utilización dun navegador.
- Edición de documentos mediante o procesador de texto.
- Elaboración dun blog de ciclo.

- Utilización dun buscador.
- Manexo e uso dos programas incluídos no sistema operativo dos ultra portátiles.
- Programas educativos.

### 8.3.- PLAN CONVIVENCIA

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso debemos establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.
As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo.

Establecemos as seguintes medidas:

- Crearemos un clima de confianza aceptando as iniciativas dos alumnos/as.
- Fomentaremos a aprendizaxe cooperativa.
- Traballaremos habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflictos e a dinámica de grupos, mediante a participación do grupo clase, en sesións de valoración da convivencia.
- Rexeitaremos as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Fomentaremos a participación e as responsabilidades do coidado do centro relativas aos espazos comúns (biblioteca, pasillos, patios, baños,…).
- Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, ésta terá un propósito formativo estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.

## 9.- ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO

### 9.1.- Metodoloxía na docencia non presencial:

En quinto curso de Educación Primaria estamos dentro do proxecto Edixgal. Polo tanto, o paso ás ensinanzas non presenciais será máis doado que en outros casos.
Usaremos a plataforma Edixgal para comunicarnos co alumnado e mandarlles as tarefas e diferentes actividades.

Xa que teñen todos os ultraportátiles dispoñen de diferentes programas que lles facilitarán o traballo. Ao principio de curso afondaremos no emprego de ferramentas que lle serán moi útiles para un suposto confinamento.
Ademais usaremos a aplicación Webex para poñernos en contacto con eles tanto en grupo coma individualmente para diferentes explicacións e resolución de dúbidas.

**9.2.- Avaliación na docencia non presencial:**

A avaliación en caso de confinamento das actividades que se realizarán será da seguinte maneira:

- Dáremoslle importancia a conexión e o interese dos alumnos e alumnas na realización das actividades que se enviarán así como o reenvío das mesmas ao profesorado, dentro das datas establecidas (40%).
- Por outra banda tamén se terá en conta a participación nas videoconferencias a través da plataforma Webex para resolver dúbidas, realizar actividades horarios… (20%).
- Tamén se realizarán probas escritas enviadas a través da plataforma Edixgal e que se realizarán de forma individual, enviando as respostas ao profesor ou profesora correspondente (20%**).**
- Teremos en conta o interese, a orden a realización das actividades, o esforzo ante a situación excepcional…. (20%).

É importante deixar claro que estes porcentaxes poden sufrir cambios e variacións dependendo da situación sociofamiliar do alumnado e do desenvolvemento nas novas tecnoloxías da comunicación e información.